

## ACTA N° 50/09

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 23 DE NOVEMBRO DE 2009**

#### **Asistentes:**

#### CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.  
D. Daniel Rodas Chapela.  
D. Valentín Piñeiro González  
D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso.  
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na Casa do Concello de Moaña, o 23 de novembro de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 47/09, do 02/11/09 e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar dita acta.

#### **2.- LICENZAS DE OBRAS**

Visto o expediente instruído a instancia da interesada que de seguido se relaciona e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obras, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

**2.A) EXPTE. 220/09 – D. MANUEL PORTELA RODRÍGUEZ** presenta proxecto de conservación das fachadas da vivenda unifamiliar, sita no lugar da Lameira, núm. 71 A, do barrio do Con – Tirán, Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto D. José Manuel Pastoriza Rodas, visado o día 06.11.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 18 de novembro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** PROXECTO DE CONSERVACIÓN DE FACHADAS (OBRA MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Non precisa informes sectoriais.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza otorgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na simple conservación das fachadas con revestimento das mesmas a base de aplacado de granito do país conforme se define na memoria constructiva do proxecto preservando o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

**Liquidación provisoria de tributos:**

Imposto sobre construcións..... 268,94 €

Taxas licenza urbanística..... 65,00 €

Cartel de obra..... 110,00 €

**2.B) EXPTE. 219/09 – D. JOSE ANTONIO GARCÍA PEREZ** presenta proxecto de substitución de material de cubrición e revestimento de fachadas de vivenda unifamiliar situada no lugar da Xeira, núm. 44, do barrio da Seara-Moaña, de conformidade co proxecto preentado, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado o día 06.11.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 18 de novembro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Non precisa informes sectoriais.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na simple conservación da cuberta coa substitución da tella existente por unha cerámica mixta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria constructiva do proxecto así como a conservación exterior da edificación mediante o chapado de pedra tipo país en planta baixa das fachadas principais e lateral dereita, recercados e revestidos con pintura impermeabilizantes no resto de fachadas; se preservará o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

**Liquidación provisoria de tributos:**

Imposto sobre construcións.....	154,25 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

**2.C) EXPTE. 221/09 – A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS BREOGAN**

presenta estudo técnico de revestimento exterior de fachadas e impermeabilización de cuberta dun edificio de vivendas, sita no Barrio do Real, rúa Villa de Madrid, 21, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, visado o día 16.10.2009; superficie construída: 1.088,84 m<sup>2</sup>; orzamento das obras 34.290,80 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 19 de novembro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** ESTUDO TÉCNICO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outórgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na simple impermeabilización da cuberta, conservación co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria constructiva do proxecto así como a conservación exterior da edificación con pintado de teitos exteriores e reparación de baixantes.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde

**Liquidación provisoria de tributos:**

Imposto sobre construcións.....	960,14 €
Taxas licenza urbanística.....	85,73 €
Cartel de obra.....	110,00 €

**3.- OBRAS MENORES. PECHE**

Visto o expediente instruído a instancia da interesada que de seguido se relaciona e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

**EXPTE. 281/08, D.<sup>a</sup> SHEILA PEQUEÑO COUSO** solicita licenza municipal de obra para muro de peche a lindantes, sita na Pontella, Barrio da Paradela-Moaña, de conformidade coa solicitude e documentación presentada; 55,66 ml e orzamento das obras: 1.394 euros.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 18 de novembro de 2009, que literalmente di:

EXPEDIENTE DE OBRAS: 281/08

**ASUNTO:** INSTALACION DE PORTAL E PECHE A LINDANTES (OBRA MENOR)

**INFORME:** **Procede licenza** de acordo coas especificación de materias aportadas na documentación.

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización administrativa de Augas de Galicia, condicións as cales debe someterse.

O enteste coa vía pública do cerramento a lindntes e o portal distará un mínimo de 4,00 metros do eixo da mesma.

O portal transversal o regato deixará unha distancia mínima de 5 metros ao dominio público hidráulico e o peche de malla metálica paralela ao regato nuha lonxitude de 55 m. a unha distancia mínima de 9,50 do DPH.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción ..... 39,03 €

Taxas licenza urbanística ..... 65,00 €

#### **4.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE APERTURA**

##### **- EXPEDIENTE 36/09 – CONFITERÍA O FORNO C.B.**

Vista a instancia presentada o día 3 de novembro de 2009 por CONFITERÍA O FORNO, C.B. representado por D. Antonio del Rio Costa, na que expón que adquiriu o loca na rúa Amador Montenegro nº 3 baixo, destinado a despacho de Confitería e Degustación cuxa licenza de apartura consta a nome de D.<sup>a</sup> María Concepción Casal Rivero,

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 17 de novembro de 2009, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 17.11.09, en relación coa solicitude presentada por CONFITERÍA O FONNO, C.B., representada por D. Antonio del Río Costa, na data do 03.11.2009, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licencia de Apertura de CONFITERÍA E DEGUSTACIÓN, sito na rúa Amador Montenegro nº 3, baixo, pertencente a Dna María Concepción Casal Rivero, teño a ben poñer no seu coñecimeinto::

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licencias de Apertura, consta no mesmo, Licencia Municipal de CONFITERÍA E DEGUSTACIÓN sito na rúa Amador Montenegro, 3 , baixo pertencente a Dna María Concepción Casal Rivero . Xunta de Goberno Local de data do 19 de xuño de 2006.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Cambio de titularidade licenza de apertura ..... 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de CONFITERÍA E DEGUSTACIÓN, sito na rúa Amador Montenegro, 3, baixo, pertencente a **Dna. MARÍA CONCEPCIÓN CASAL RIVERO**, aprobada pola Xunta de Goberno Local do **19.06.2006**, a favor de **CONFITERÍA O FORNO C.B.**, representado por D.Antonio del Río Costa.

## **5.- DACIÓN DE CONTAS DE AVOCACIÓNS REALIZADAS**

Dáse conta que na resolución núm. 653/09, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para dar de alta na ludoteca a un socio.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

## **6.- ABONO AO INSTITUTO NACIONAL DA SEGURIDADE SOCIAL DE DÉBEDA POR DIFERENZAS ENTRE OS IMPORTES DEDUCIDOS POR COMPENSACIÓN NAS LIQUIDACIÓNS PRACTICADAS NA COTIZACIÓN DE UN TRABALLADOR**

En data 10 de novembro do 2009 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello escrito da Dirección Provincial de Pontevedra do Instituto Nacional da Seguridade Social onde se informa que con data 22 de setembro do 2009 se desestimaron polo citado Organismo as alegacións presentadas ante este polo Concello.

A reclamación versaba sobre as diferenzas existentes entre os importes que foron obxecto de dedución por compensación nas liquidacións practicados na cotización e os datos obrantes no citado Instituto correspondentes á traballadora Dna. Ana Belén Pena Cordeiro, diferenza por importe de 318,63 euros.

A razón esgrimida para acordar a desestimación da reclamación foi a baixa de efectos 21 de agosto de 2008 foi anulada segundo consta en informe da Inspección dos Servizos Sanitarios do citado organismo. En consecuencia, o Instituto Nacional da Seguridade Social acordou continuar o procedemento recaudatorio contra o Concello polo importe da débeda notificada.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno, po unanimidade dos asistentes, acorda:

**PRIMEIRO.-** Recoñecer a obriga en ordear o pago en favor do Instituto Nacional da Seguridade Social por importe de 382,36 euros con cargo á partida 3130.16000 do vixente Orzamento Municipal, consistentes no importe da débeda máis recargo por pago fora do prazo regulamentario.

**SEGUNDO.-** Trasladar o presente acordo á Intervención e Tesourería Municipal para proceder ao pago e remitir xustificante de pago á Asesoría La Social para anular a débeda.

## **7.- XUSTIFICACIÓN FINAL COOPERACIÓN LOCAL 2009: LIMPEZA DE PRAIAS**

Visto o informe da técnica de emprego do 19 de novembro de 2009 sobre a xustificación final dos programas de cooperación local 2009, “Limpeza de praias”,

Vista a proposta da Alcaldía do 19 de novembro de 2009, que textualmente di:

Rematada o pasado 31 de outubro de 2009 a execución do servizo “Limpeza de praias” subvencionado dentro dos programas de cooperación local 2009 do Concello de Moaña, e á vista do informe emitido pola axente de emprego, do contido na resolución de concesión de subvención e do contido na Orde do 29 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo, reguladora dos Programas de Cooperación para o ano 2009, faise necesario aprobar a xustificación- liquidación do citado servizo para enviar xustificación final do mesmo á Consellería de Traballo e Benestar.

Polo anterior

#### **PROPOÑO:**

1º) Aprobar a xustificación- liquidación do servizo “Limpeza de Praias” subvencionado dentro dos programas de cooperación local 2009 do Concello de Moaña, de acordo cos seguintes datos:

#### **Limpeza de Praias.**

<b>SUBVENCIÓN PERCIBIDA</b> <b>SALARIOS + SEG. SOCIAL</b>	<b>CUSTOS EFECTUADOS</b> <b>SALARIOS + SEG. SOCIAL</b>	<b>DIFERENZA</b>	<b>CUSTOS NON</b> <b>SUBVENCIÓNABLES</b> (Plus Extras + I. cese)	<b>TOTAL CUSTOS</b> <b>PROXECTO</b>
26.281,44	26.281,44	0,00	2.722,72	<b>29.004,16</b>

2º) Acordar que se remita á Consellería de Traballo e Benestar unha xustificación final reflectindo estes datos, tendo como data límite o 31 de decembro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos e así aprobar a xustificación polos conceptos e contías reflectidas na táboa, e remítilla á Consellería de Traballo e Benestar.

#### **8.- XUSTIFICACIÓN FINAL COOPERACIÓN LOCAL 2009: SOCORRISMO E VIXILANCIA DE PRAIAS.**

Visto o informe da técnica de emprego do 19 de novembro de 2009 sobre a xustificación final dos programas de cooperación local 2009, “Socorrismo e vixilancia de praias”.

Vista a proposta da Alcaldía do 19 de novembro de 2009, que textualmente di:

Rematada o pasado 7 de outubro de 2009 a execución do servizo “Socorrismo e Vixilancia de Praias” subvencionado dentro dos programas de cooperación local 2009 do Concello de Moaña, e á vista do informe emitido pola axente de emprego, do contido na resolución de concesión de subvención e do contido na Orde do 29 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo, reguladora dos Programas de Cooperación para o ano 2009, faise

necesario aprobar a xustificación- liquidación do citado servizo para enviar xustificación final do mesmo á Consellería de Traballo e Benestar.

Polo anterior

### PROPOÑO:

1º) Aprobar a xustificación- liquidación do servizo “Socorrismo e Vixilancia de Praias” subvencionado dentro dos programas de cooperación local 2009 do Concello de Moaña, de acordo cos seguintes datos:

#### Socorrismo e Vixilancia de Praias.

SUBVENCIÓN PERCIBIDA SALARIOS + SEG. SOCIAL	CUSTOS EFECTUADOS SALARIOS + SEG. SOCIAL	DIFERENZA	CUSTOS NON SUBVENCIÓNABLES (Indem. cese)	TOTAL CUSTOS PROXECTO
13.291,56	16.700,78	-3.409,22	275,76	16.976,54

2º) Acordar que se remita á Consellería de Traballo e Benestar unha xustificación final reflectindo estes datos, tendo como data límite o 6 de decembro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos e así aprobar a xustificación polos conceptos e contías reflectidas na táboa, e remítilla á Consellería de Traballo e Benestar.

## 9-. PROPOSTA DE GASTO

Vista a proposta de gasto da concelleira de Servizos sociais do 13 de novembro de 2009, que di:

O programa de ximnasia das persoas maiores que se imparte polas aulas, os seus movementos, acompañanse con música.

Ao non dispoñer o departamento de servizos sociais de aparatos de música, pedíase os dous monitores que os levasen eles.

Este curso os monitores non teñen aparatos de radios para poder levar.

Por este motivo é conveniente que se merquen dous aparatos de raído para as aulas de ximnasia das persoas maiores.

O presuposto total para este fin é de 160 € a incluír na partida presupostaria de promoción social.

#### PROPOSTA:

- Aprobar a merca dos dous aparatos de radio para as aulas de ximnasia das persoas maiores.
- Aprobar o libramento dos 160 € a xustificar, a nome de M<sup>a</sup> Elena García Lorenzo, animadora sociocultural do departamento de servizos sociais.

Vista a existencia de crédito suficiente e adecuado para a imputación ao orzamento do importe de 160,00 €, con cargo a partida 3130 22 109,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: aprobar a compra de dous aparatos de radio para as aulas de ximnasia das persoas maiores.

Segundo: Aprobar o pago a xustificar a D.<sup>a</sup> MARÍA ELENA GARCÍA LORENZO, animadora sociocultural de servizos sociais, por importe de 160,00 euros, en concepto de merca de dous aparatos de radio, con cargo a partida 3130 22109.

## **10.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA**

Visto o informe da Tesourería municipal do 23 de novembro de 2009, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada pola empresa subministradora. Iberdrola, S.A, no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL,o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que,sendo imputables a cada entidade,fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal,excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto,remítese á Xunta de Goberno Local,a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación e notificación ós interesados .

**\*Iberdrola S.A(CIF A48010615)**

TAXA(euros)	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE
		BASE*0,015
OUTUBRO 2009	6.813,68	102,21

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía da liquidación reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de Iberdrola, S.A. por 102,21 euros polo período que se recolle no informe, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

## **11.- SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE TAXAS E IMPOSTOS**

### **11.A) SOLICITUDE DE AISTER, S.A.**

Visto o escrito presentado por AISTER, S.A. no que se indica que en data 01.08.06 ingresaron no Concello a contía de 10.831,96 € por taxas de licenza de apertura de establecemento para nave de construción e reparación de embarcacións de aluminio, que



lles foi denegada e que solicitaron verbalmente e por escrito a devolución desa cantidade en repetidas ocasións,

Visto o informe do inspector de obras do 9 de novembro de 2009, que di:

*Con data do 19 de xullo de 2006, Aislamientos Termicos de Galicia, S.A. presenta proxecto básico e de execución de nave para construción e reparación de embarcacións de aluminio e outros, no lugar de Punta do Arroas do barrio da Guía – Meira, expte. de obras nº 123/06.*

*Simultaneamente na mesma data solicita licenza de apertura de actividade de construción e reparación de embarcacións de aluminio e outros no lugar de Punta do Arroas do barrio da Guía – Meira, expte de apertura 28/06, liquidando a cota de 10.831,96 euros.*

*A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 02 de outubro do 2006,*

*ACORDA: denegación do expte. de obras nº 123/06, polo que se procede o arquivo do expte. de apertura nº 28/06, sin que mediara desistimento do interesado.*

Visto o informe da tesoureira municipal do 9 de novembro que logo de indicar a lexislación e normativa examinada, informa que:

Consonte ó establecido nos artigos 6.4,8.1 e 8.3 da ordenanza reguladora da taxa por expedición de licenzas de apertura do Concello de Moaña:

*“Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impositivo. Para estes efectos, entenderase iniciada a dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude de licenza de apertura, se o suceso pasivo formulase expresamente esta.”*

*“...A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada en modo ningún pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desistimento do solicitante unha vez concedida a licenza.”*

*“...En caso de desistimento formulado polo interesado con anterioridade á concesión da licenza, sempre que a actividade municipal xa se tivese iniciado, as cotas a liquidar serán:*

- a)Do 25%, se se produce no prazo de 1 mes desde a solicitude.*
- b)Do 50%, se se produce con posterioridade.”*

Considerando ó anteriormente exposto,dado que de acordo disposto no informe técnico,o arquivo das actuacións non se produciu como consecuencia do desistimento do interesado senón motivado pola denegación da licenza de obras,a xuízo de quen suscribe, **non procede a devolución pretendida.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a devolución solicitada, de acordo co informe da tesoureira municipal..

## **11.B) SOLICITUDE DE D. ANTONIO BLANCO DIÉGUEZ**

D.Antonio Blanco Diéguez, por escrito con entrada no Concello o día 23 de xullo de 2009, expón que solicitou licenza de obras para vivenda unifamiliar, (expte. de obras

162/06) e como non se lle concedeu, solicita que lle devolvan o importe das taxas pagadas.

Visto o informe favorable elaborado pola asistencia técnica municipal do 4 de setembro de 2009, no que se indica que a licenza non foi concedida no prazo legalmente establecido, que as actuacións non se iniciaron, que o cartel de obras non se chegou a subministrar e que non se produciu actividade administrativa tendente á verificación da viabilidade da conexión á rede de sumidoiros,

Visto o informe da tesoureira municipal do 23 de novembro de 2009, que logo de indicar a lexislación e normativa examinada, informa que:

Polo que atinxe ó imposto de instalacións construcións e obras é preciso suliñar o seguinte.

De acordo co disposto no artigo 100.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, constitúe o feito imponible a "realización" de calqueira instalación, construción ou obra, dentro do termo municipal, para a que se requira a oportuna licenza, de xeito que, tal e como se dispón no artigo 102.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o devengo do imposto, e polo tanto a obriga tributaria, xurden nese intre.

Así pois, dado que, de acordo co informe suscrito por Jose Manuel Carballo Moldes, non se ten producido a actuación definitiva do feito imponible do imposto, nin, polo tanto, o devengo do mesmo, non xurde obriga tributaria algunha por tal concepto nin dereito de tal natureza do que sexa titular o Concello de Moaña que xustifique o ingreso do imposto.

A argumentación precedente coincide coa defendida pola xurisprudencia (Tribunal Supremo, sentenza de 13 de outubro de 2001)

Polo que atinxe á devolución do importe correspondente á taxa da licenza, de acordo co disposto na Ordenanza reguladora da taxa por concesión de licenzas urbanísticas do Concello de Moaña, aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o 22 de decembro de 2004 (BOP núm. 250, do 30 de decembro) no seu artigo 11.4, a renuncia á concesión da licenza determinará unha redución do seu importe do 50%.

Neste punto é preciso destacar as irregularidades nas que incurre tal normativa, polo que se expón a continuación a liña xurisprudencial na que se argumenta a falta de xustificación do cobro da taxa no suposto de que non se produza a concesión da licenza.

A Sala Terceira do Contencioso-administrativo, Sección Segunda do Tribunal Supremo, na súa sentenza de 11 de febreiro de 2005 indica:

*"..como esta Sala tiene reiteradamente declarado, de acuerdo, por otro lado, con cuanto establecían los arts. 6.b) del Real Decreto 3250/1976, de 30 de diciembre, 199.b) del Texto Refundido de 18 de abril de 1986 y establecen, actualmente, los arts. 20 y concordantes --fundamentalmente el 23.2.b)-- de la vigente Ley de Haciendas Locales, el hecho imponible de esta tasa es, precisamente, la autorización municipal para construir como resultado de la prestación de unos servicios o la realización de actividades de la competencia municipal que concretan en el solicitante la cualidad de beneficiario y, por ende, de sujeto pasivo --Sentencias, entre otras, de 7 de junio y 18 de diciembre de 1995, y la de 9 de junio de 1998--, de tal suerte que si el Ayuntamiento deniega la licencia no puede exigir el pago de liquidación alguna por este concepto. De ahí que lo decisivo para legitimar esta tasa no sea el sentido de las actividades municipales a desarrollar con motivo de la solicitud de la licencia, esto es, que tales actividades --principalmente de orden técnico-urbanístico-- sean o no favorables a su concesión, sino al acto*

*final de otorgamiento; la tasa por licencia urbanística sólo es exigible en el caso de que la licencia haya sido efectivamente obtenida.*

*Como recordaba la sentencia de 19 de enero de 2002 (Rec. casación nº 6966/1996), a propósito también de determinar si era exigible una tasa por licencia de obras que no llegó a expedirse por desistimiento de la entidad interesada, que había abonado su importe al presentar la solicitud, las sentencias de 16 de mayo de 1989, 24 de febrero de 1992 y 18 de diciembre de 1995 expresan la doctrina de esta Sala relativa a que la actividad municipal se ordena a un resultado --la obtención de una licencia--, de tal modo que si la actividad municipal conduce a una denegación de lo solicitado desaparece la razón de ser del tributo. Dicha doctrina se ha mantenido con posterioridad a estas citas de forma continuada, pudiendo citarse, entre otras, nuestras sentencias de 13 de enero --dos sentencias de esta fecha--, y 24 de septiembre de 1996, 12 de junio y 3 de julio de 1997, 16 de abril de 1998, 30 de marzo de 1999, así como cuantas en ellas se citan.*

*En palabras de la sentencia de 12 de junio de 1997, el hecho imponible de las tasas municipales es, con carácter general, y según dispone hoy el art. 20 LHL, la prestación de servicios o la realización de actividades de la competencia municipal que beneficien especialmente a personas determinadas, y concretamente el hecho imponible de la tasa por licencias urbanísticas es la actividad municipal, técnica y administrativa, conducente a verificar y controlar que los actos de edificación, construcción y uso del suelo, a que se refería el art. 78 TR LS, se ajustarán a las normas urbanísticas de edificación, seguridad y policía previstas en la Ley, plan general, planes parciales, programas y normas urbanísticas, actividad que debe culminar con el otorgamiento, en plazo, de la licencia, o con su denegación, pero con la particularidad de que para la exigencia de la tasa se requiere el otorgamiento de la licencia municipal.*

En base ó anteriormente exposto, en contra da regulación propia do Concello, procedería a devolución de ambos conceptos tributarios ,incrementados ,a xuízo de quen suscribe, co interese legal polo que atinxe ó imposto. Así o indica o Tribunal Supremo na súa STC de 16 de marzo de 1998:

*“Si, pues, el ICIO se devenga en el momento de iniciarse las obras, no puede darse lugar a estimar que en el caso de autos el devengo deba entenderse producido pues no consta que las obras se iniciasen, con lo que, obviamente, procede la devolución de lo que el INSS ingresó en concepto de ICIO, con el abono de los pertinentes intereses legales correspondientes al ingreso total que se hizo el día 2 de febrero de 1994 en concepto de tasa por licencia urbanística y de ICIO.”*

En canto ás cantidades ingresadas en concepto de taxa por conexión á rede de sumidoiros e por suministro do cartel de obra ,consonte ás definicións dos feitos imponseibles recollidas nas respectivas ordenanzas fiscais (aprobadas ambas polo Concello Pleno en sesión celebrada o 22 de decembro de 2004, BOP num 250 ,do 30 de decembro), procederá a devolución do seu importe sempre que ,polo que te atinxe ó cartel, non se tivese producido a súa expedición e suministro, e que, no caso da conexión ós sumidoiros ,non se tivese producido a actividade administrativa tendente á comprobación da súa viabilidade, extremos estes que constan no informe urbanístico.

En base ó anteriormente exposto, esta Tesourería, en aplicación do dereito positivo recollido nas ordenanzas fiscais do Concello (artigo 1.6 do Código Civil) e ,sen prexuízo da doutrina xurisprudencial salientada, **informa favorablemente a devolución do importe correspondente ó ICIO ,3.676,54 euros, do correspondente ó 50% taxa de licenzas urbanísticas 229,78 euros, así coma o do correspondente á taxa de conexión ós sumidoiros (180 euros) e ó suministro do cartel de obra (110 euros), sempre que se acorde con carácter previo o arquivo do expte correspondente.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: O arquivo do expediente de obras núm. 162/06, a nome de D. Antonio Blanco Diéguez, para o proxecto básico para vivenda unifamiliar na U.E. S.A.U. A-7 Residencial Golf – Domaio, sector parcela A-3.7 do barrio de San Lourenzo

Segundo: A devolución do importe correspondente ao ICIO 3.676,54 euros, do correspondente ó 50% taxa de licenzas urbanísticas 229,78 euros, así coma o do correspondente á taxa de conexión ós sumidoiros (180 euros) e ó subministro do cartel de obra (110 euros), segundo o informe da tesoureira municipal.

### **11.C) SOLICITUDE DE D.<sup>a</sup> BEATRIZ COSTA PEREZ**

D<sup>a</sup> Beatriz Costa Pérez, por escrito con entrada no Concello o día 4 de xuño de 2009, expón que solicitou licenza de obras para vivenda unifamiliar (expte. de obras 83/2009) para a que pagou taxas e impostos, e que por motivos persoais renuncia á execución das obras, polo que solicita o arquivo do expte. e a devolución dos dereitos ingresados (imposto, cartel de obra, conexión sumidoiros) derivados da aplicación da ordenanza fiscal do imposto sobre construcións.

Visto o informe do arquitecto técnico municipal do 9 de novembro no que indica que as obras non foron iniciadas,

Visto o informe da tesoureira municipal do 23 de novembro de 2009, que logo de indicar a lexislación e normativa examinada, informa que:

Polo que atinxe ó imposto de instalacións construcións e obras é preciso suliñar o seguinte.

De acordo co disposto no artigo 100.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, constitúe o feito imponible a "realización" de calqueira instalación, construción ou obra, dentro do termo municipal, para a que se requira a oportuna licenza, de xeito que, tal e como se dispón no artigo 102.4 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o devengo do imposto, e polo tanto a obriga tributaria, xurden nese intre.

Así pois, dado que, de acordo co informe suscrito por Jose Manuel Carballo Moldes, non se ten producido a actuación definitiva do feito imponible do imposto, nin, polo tanto, o devengo do mesmo, non xurde obriga tributaria algunha por tal concepto nin dereito de tal natureza do que sexa titular o Concello de Moaña que xustifique o ingreso do imposto.

A argumentación precedente coincide coa defendida pola xurisprudencia (Tribunal Supremo, sentenza de 13 de outubro de 2001)

Polo que atinxe á devolución do importe correspondente á taxa da licenza, de acordo co disposto na Ordenanza reguladora da taxa por concesión de licenzas urbanísticas do Concello de Moaña, aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o 22 de decembro de 2004 (BOP núm. 250, do 30 de decembro) no seu artigo 11.4, a renuncia á concesión da licenza determinará unha redución do seu importe do 50%.

Neste punto é preciso destacar as irregularidades nas que incurre tal normativa, polo que se expón a continuación a liña xurisprudencial na que se argumenta a falta de xustificación do cobro da taxa no suposto de que non se produza a concesión da licenza.

A Sala Terceira do Contencioso-administrativo ,Sección Segunda do Tribunal Supremo,na súa sentenza de 11 de febreiro de 2005 indica:

*“..como esta Sala tiene reiteradamente declarado, de acuerdo, por otro lado, con cuanto establecían los arts. 6.b) del Real Decreto 3250/1976, de 30 de diciembre, 199.b) del Texto Refundido de 18 de abril de 1986 y establecen, actualmente, los arts. 20 y concordantes --fundamentalmente el 23.2.b)-- de la vigente Ley de Haciendas Locales, el hecho imponible de esta tasa es, precisamente, la autorización municipal para construir como resultado de la prestación de unos servicios o la realización de actividades de la competencia municipal que concretan en el solicitante la cualidad de beneficiario y, por ende, de sujeto pasivo --Sentencias, entre otras, de 7 de junio y 18 de diciembre de 1995, y la de 9 de junio de 1998--, de tal suerte que si el Ayuntamiento deniega la licencia no puede exigir el pago de liquidación alguna por este concepto. De ahí que lo decisivo para legitimar esta tasa no sea el sentido de las actividades municipales a desarrollar con motivo de la solicitud de la licencia, esto es, que tales actividades --principalmente de orden técnico-urbanístico-- sean o no favorables a su concesión, sino al acto final de otorgamiento; la tasa por licencia urbanística sólo es exigible en el caso de que la licencia haya sido efectivamente obtenida.*

*Como recordaba la sentencia de 19 de enero de 2002 (Rec. casación nº 6966/1996), a propósito también de determinar si era exigible una tasa por licencia de obras que no llegó a expedirse por desistimiento de la entidad interesada, que había abonado su importe al presentar la solicitud, las sentencias de 16 de mayo de 1989, 24 de febrero de 1992 y 18 de diciembre de 1995 expresan la doctrina de esta Sala relativa a que la actividad municipal se ordena a un resultado --la obtención de una licencia--, de tal modo que si la actividad municipal conduce a una denegación de lo solicitado desaparece la razón de ser del tributo. Dicha doctrina se ha mantenido con posterioridad a estas citas de forma continuada, pudiendo citarse, entre otras, nuestras sentencias de 13 de enero --dos sentencias de esta fecha--, y 24 de septiembre de 1996, 12 de junio y 3 de julio de 1997, 16 de abril de 1998, 30 de marzo de 1999, así como cuantas en ellas se citan.*

*En palabras de la sentencia de 12 de junio de 1997, el hecho imponible de las tasas municipales es, con carácter general, y según dispone hoy el art. 20 LHL, la prestación de servicios o la realización de actividades de la competencia municipal que beneficien especialmente a personas determinadas, y concretamente el hecho imponible de la tasa por licencias urbanísticas es la actividad municipal, técnica y administrativa, conducente a verificar y controlar que los actos de edificación, construcción y uso del suelo, a que se refería el art. 78 TR LS, se ajustarán a las normas urbanísticas de edificación, seguridad y policía previstas en la Ley, plan general, planes parciales, programas y normas urbanísticas, actividad que debe culminar con el otorgamiento, en plazo, de la licencia, o con su denegación, pero con la particularidad de que para la exigencia de la tasa se requiere el otorgamiento de la licencia municipal.*

En base ó anteriormente exposto, en contra da regulación propia do Concello, procedería a devolución de ambos conceptos tributarios ,incrementados ,a xuízo de quen suscribe, co interese legal polo que atinxe ó imposto. Así o indica o Tribunal Supremo na súa STC de 16 de marzo de 1998:

*“Si, pues, el ICIO se devenga en el momento de iniciarse las obras, no puede darse lugar a estimar que en el caso de autos el devengo deba entenderse producido pues no consta que las obras se iniciasen, con lo que, obviamente, procede la devolución de lo que el INSS ingresó en concepto de ICIO, con el abono de los pertinentes intereses legales correspondientes al ingreso total que se hizo el día 2 de febrero de 1994 en concepto de tasa por licencia urbanística y de ICIO.”*

A diferenza do suposto que motivou o pronunciamento xurisprudencial precedente ,no que non se dictou acordo algún relativo á licencia ,operando o silencio administrativo, no caso que nos ocupa produciuse o desistimento do interesado, polo que ,a xuízo de quen suscribe, os intereses devengaríanse, no seu caso, únicamente sobre o importe correspondente ó imposto.

En canto ás cantidades ingresadas en concepto de taxa por conexión á rede de sumidoiros e por suministro do cartel de obra ,consonte ás definicións dos feitos impositivos recollidas nas respectivas ordenanzas fiscais(aprobadas ambas polo Concello Pleno en sesión celebrada o 22 de decembro de 2004,BOP num 250 ,do 30 de decembro),procederá a devolución do seu importe sempre que ,polo que te atinxe ó cartel,non se tivese producido a súa expedición e suministro,e que,no caso da conexión ós sumidoiros ,non se tivese producido a actividade administrativa tendente á comprobación da súa viabilidade,extremos estes que constan no informe urbanístico.

En base ó anteriormente exposto,esta Tesourería,en aplicación do dereito positivo recollido nas ordenanzas fiscais do Concello(artigo 1.6 do Código Civil) e ,sen prexuízo da doutrina xurisprudencial salientada, **informa favorablemente a devolución do importe correspondente ó ICIO 1.543,89 euros,do correspondente ó 50% taxa de licenzas urbanísticas 96,50 euros,así coma o do correspondente á taxa de conexión ós sumidoiros(180 euros) e ó suministro do cartel de obra(110 euros),sempre que se proceda previamente ó arquivo do expediente.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: O arquivo do expediente de obras núm. 83/09, a nome de D.<sup>a</sup> Beatriz Costa Pérez, para o proxecto básico para vivenda unifamiliar no lugar da Miranda.

Segundo: A devolución do importe correspondente ao ICIO 1.543,89 euros, do correspondente ó 50% taxa de licenzas urbanísticas 96,50 euros, así coma o do correspondente á taxa de conexión ós sumidoiros (180 euros) e ó subministro do cartel de obra (110 euros), segundo o informe da tesoureira municipal.

#### **11.D) SOLICITUDE DE D<sup>a</sup> JEZABEL ARGUELLES MARTÍNEZ**

Por instancia do día 6 de novembro de 2009, D.<sup>a</sup> Jezabel Argüelles Martínez expón que por un erro do Concello pagou as taxas de saneamento cando xa as tiña pagadas e solicita que lle devolvan o importe pagado. Achega copia da escritura de compravenda da vivenda e copia do xustificante de pagamento dos dereitos de conexión á rede de saneamento en Couso, 17, Meira, por importe de 180 euros, o día 4 de novembro de 2009.

Visto o informe do 9 de novembro de 2009 do arquitecto técnico municipal, no que indica que as taxas por conexión de sumidoiros referente ao expediente de obra 91/06 están cobradas por duplicado, unha a través de Promocións e Contratas Ría de Vigo, S.L. e outra pola compradora da vivenda, D.<sup>a</sup> Jezabel Argüelles Martínez.

Visto o conformado da tesoureira ao informe do arquitecto técnico municipal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución da contía de 180 euros a D.<sup>a</sup> Jezabel Argüelles Martínez polo pago duplicado dos dereitos por conexión á rede de saneamento municipal.

## **12.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO**

Examinado o expediente incoado, por providencia da Alcaldía de data 18 de novembro deste ano, para contratar, baixo a modalidade de contrato de servizos, o servizo de axuda no fogar deste Concello, por concurso, procedemento aberto, tramitación ordinaria.

Redactado Estudo Económico Financeiro do servizo, prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións e de prescricións técnicas, así como informe de Servizos Sociais respecto da aplicación dun único criterio de adxudicación.

Visto o Prego de cláusulas administrativas que haberán de rexer a contratación por procedemento aberto.

Vistos os informes de Secretaría e da Intervención, a Xunta de Goberno, por unanimidade, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Aproba-lo expediente de contratación para contratar, baixo a modalidade de contrato de servizos, do servizo de axuda no fogar deste Concello, iniciado por providencia da Alcaldía de data 18 de novembro de 2009.

SEGUNDO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de prescricións técnicas que haberán de rexe-la contratación do proxecto, mediante procedemento aberto, cun único criterio de adxudicación, de acordo co disposto nos artigos 10 e 141 do da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

TERCEIRO.- Proceder á publicación dos anuncios de licitación no Boletín Oficial da Provincia e no perfil do contratante do órgano de contratación.

CUARTO.- Autoriza-lo gasto con cargo á partida 313022703 do orzamento municipal corrente do ano 2009.

QUINTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación.

## **13.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: “SANEAMENTO DA COSTA GRANDE (BERDUCEDO)”**

Examinado o expediente para a contratación por procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, iniciado por providencia da Alcaldía de data 16 de novembro de 2009 da obra: “Saneamento da Costa Grande (Berducedo)”, obra incluída no PSA-2008 e aprobado definitivamente por acordo da Xunta de Goberno de data 1 de setembro de 2008 e que conta cun orzamento de execución por contrata que ascende a OINTENTA E NOVE MIL VINTESEIS EUROS E TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (89.026,39 euros). (76.746,89 euros + 12.279,50 euros de IVE).

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación por procedemento negociado sen publicidade da obra e visto, tamén, o cadro de características do Contrato.

Visto os informes da Secretaría e da Intervención municipal, onde se deixan constancia de discrepancias en canto a aprobación dos proxectos de obra e a inclusión de gastos de seguridade nos custos de execución material do proxecto, ausencia dalgunha da documentación que debe obrar no expediente, e onde se recomenda a

rectificación de algún dos apartados dos pregos de cláusulas administrativas particulares.

A Xunta de Goberno por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo da Intervención Municipal emitido en informe de data 23 de novembro de 2009, acordando a inclusión no expediente de innecesiedade de estudo xeotécnico e de programa de traballo previsto paraa execución das obras. Os aspectos susceptibles de mellora serán informandos polos técnicos municipais e a determinación da desproporcionalidade nas baixas que se oferten serán reguladas conforme o disposto na Lei 30/2007 de 30 de outubro e demais normativa contractual.

SEGUNDO.- Aproba-lo expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, para a adxudicación da obra “Saneamento da Costa Grande (Berducedo)”, obra incluída no PSA-2008 e aprobado definitivamente por acordo da Xunta de Goberno de data 1 de setembro de 2008 e que conta cun orzamento de execución por contrata que ascende a OINTENTA E NOVE MIL VINTESEIS EUROS E TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (89.026,39 euros). (76.746,89 euros + 12.279,50 euros de IVE).

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que haberan de rexe-la contratación de obras, mediante procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO.- Remitir as invitacións para participar na licitación, ás seguintes tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES. S.A.
- E. P. MARTÍÑO S.L.

QUINTO.- Autoriza-lo gasto por importe de 89.026,39 euros con cargo á partida 5110.60107 do orzamento municipal do ano 2009.

SEXTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación.

SÉTIMO.- Nomear ao Concelleiro de Urbanismo, D. Valentín Piñeiro González responsable do contrato.

#### **14.- MODIFICACIÓN DE CONTRATO DE OBRA “ACONDICIONAMENTO DE BEIRARRÚAS E ZONAS DE APARCAMENTO NO CONCELLO DE MOAÑA”**

En data de 30 de marzo de 2009, a Xunta de Goberno adxudicou a realización da obra “Acondicionamento de beirarrúas e zonas de aparcamento no Concello de Moaña” á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L., polo prezo de OITENTA E SEIS MIL OITOCENTOS SESENTA E OITO EUROS E SETENTA E OITO CÉNTIMOS (86.868,78 euros). (74.886,88 euros + 11.981,90 euros de IVE), un prazo de execución de 3 meses e unha garantía adicional de seis meses.

Figura no expediente Memoria e Orzamento de modificado redactado polo Redactor do proxecto e Director de Obra en outubro de 2009, que non supón alteración no prezo total do contrato.



Figura no expediente informe da Secretaría Municipal sobre a proposta de modificado.

En data 23 de novembro de 2009, o contratista presenta escrito de conformidade ca modificación técnica do Proxecto da obra “Acondicionamento de beirarrúas e zonas de aparcamento no Concello de Moaña”.

Vistos o informe da Secretaría.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de modificación do contrato de obra Acondicionamento de beirarrúas e zonas de aparcamento no Concello de Moaña”, en base ás circunstancias sinaladas nos informes obrantes no expediente.

**SEGUNDO.-** Que se notifique ao contratista para que concorra á formalización da modificación.

## **15.- SUBSTITUCIÓN OFICIAL DA POLICÍA LOCAL**

Visto o informe do inspector-xefe da Policía local do 16.11.09 que di:

Con data do 16/11/2009 o oficial desta policía Xurxo Casal Blanco, foi dado de alta da enfermidade e reincorpórase ao seu posto de traballo. Con data do 17/11/2009 e ata o 31/12/09 esta persoa disfrutará o seu período de vacacións correspondente ao ano 2009. Por este motivo e con esta data o policía Francisco Javier Blanco Portela que estaba substituindo o posto de oficial mentres este estaba de baixa, finaliza a substitución pola baixa por enfermidade e comeza unha nova substitución ata o 31/12/2009, polo período vacacional do oficial Xurxo Casal Blanco.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta do inspector xefe da Policía Local e modificar a causa da substitución do oficial D. Xurxo Casal realizada por D. Francisco Javier Blanco Portela, sendo a partir do día 17 de novembro e ata o 31 de decembro de 2009 por disfrute de período vacacional de aquél.

## **16.- RECLAMACIÓN DE DANOS**

D. Eugenio Tobio Calvar, por escrito do 9 de xuño de 2009, expón que sobre as 13:00 horas do día 05.06.09 ao baixar pola rúa Ramón Cabanillas, dirección Vigo, xirou á dereita pola rúa Lola Diz, cando a consecuencia dun burato na calzada rompeu a roda traseira dereita. Solicita que, ao ser unha vía municipal, se lle indemnice o custo da reparación para o que achega factura.

Visto o informe do xefe da Policía local, do 16 de novembro de 2009, que di:

Por parte desta policía infórmase que sendo as 13.15 horas do día 5 de xuño de 2009, realiza a inspección ocular do turismo matrícula PO-5733-BJ, da marca Renault, modelo Megane, o cal estaba estacionado na rúa Batalla Callao (frente á Pastelería Díz) coa roda traseira dereita nun burato (a carón do bordillo da beirarrúa). O pneumático estaba trillado.

O titular do turismo resulta ser Eugenio Tobio Carlvar, con DNI núm. ... e domicilio en Casal núm. 118 – Moaña.

Nese lugar había un sinal portátil de prohibido estacionar.

A calzada estaba en obras pola humanización da rúa. A empresa que estaba realizando as obra era COVSA.

Achéganse fotografías.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe da Policía, acorda denegar a solicitude de indemnización por se tratar de zona en obras debidamente sinalizada, cun sinal de prohibido estacionar, e por derivarse o dano dunha conduta imprudente do condutor.

## 17.- CEMITERIOS

D. Lisardo Pérez Villaverde, por escrito do 17 de novembro, expón que ten un nicho no cemiterio de Moaña nº 104, fila oeste, a nome de Manuel Villaverde Palmas e solicita autorización para a súa limpeza e acondicionamento, e auga e luz para obrar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar o seu acondicionamento.

## 18.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

18.A) A vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relacionn a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
DAVID BARREIRO BARREIRO	Auga, uso comercial	Travesía Martinga, 2B	Dereitos conexión ..... 60 € Fianza ..... 20 €	Aqualia Aparellador municipal
JOSE MANUEL SANTOS RÍOS	Saneamento, uso doméstico	Isamil, 74 - Meira	Saneamento..... 180 €	Aqualia Arqt. Téc. Mun.
JOSE RUA TRIGO	Saneamento, uso doméstico	Ribeira, 180 – Meira	Saneamento.....180 €	Aqualia Arqt. Téc. Mun.
JOSE LUS RIOBÓ PEÑA	Saneamento, uso doméstico	Rúa do Pico, 8 - Meira	Saneamento.....180 €	Aqualia Arqt. Téc. Mun.
ANA ISABEL TRIGO BOUBETA	Saneamento, uso doméstico	Moureira, 118 - Meira	Saneamento.....180 €	Aqualia Arqt. Téc. Mun.
AGUEDA FANDIÑO MOUREIRA	Saneamento, uso doméstico	Porta do Sol, 94 - Meira	Saneamento.....180 €	Aqualia Arqt. Téc. Mun.
ESTHER MOREIRA PIÑEIRO	Saneamento, local comercial	Porta do Sol, 98 - Meira	Saneamento.....180 €	Aqualia Arqt. Téc. Mun.
CARMEN DEL RÍO TORRES	Saneamento, uso doméstico	Ribeira, 368 - Meira	Saneamento.....180 €	Aqualia Arqt. Téc. Mun.
MARÍA DEL PILAR RIAL BARREIRO	Saneamento, uso doméstico	Caeiro Moureira, 162 B - Meiro	Xustificante do acordo da XGL do 25.05.07 no que se acredita que a construtora pagou a taxa por conexión sumidoiros	Aqualia
SECUNDINO GONZÁLEZ MARTÍNEZ	Saneamento, uso doméstico	Lourido, 75	Presenta factura do ano 2002 de Espina & Delfin pola acometida á rede de sumidoiros.	Aqualia Arq. Téc. Muni.

18.B) D. Jesús Manuel Martínez Nogueira, por escrito do 30 de setembro de 2009, expón que o 3 de novembro de 2003 aprobáronlle a conexión á rede de sumidoiros

municipal e que asumiu todos os custos de dita conexión. Ten unha invalidez do 65% e é perceptor dunha pensión non contributiva e ao comunicarlle Aqualia que non figura no padrón do servizo solicita que se lle libere do pagamento das taxas de conexión. Achega acordo da Xunta de Goberno Local do 3 de novembro de 2003, certificados da minusvalía e recibo do IBI exercicio 2009.

Visto o informe favorable da traballadora social no que indica que o solicitante cumpre cos requisitos esixidos na ordenanza municipal, epígrafe f), polo que lle correspondería o pagamento do 50% da cota,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a D. Jesús Manuel Martínez Nogueira unha redución do 50% da cota polos dereitos de conexión á rede de sumidoiros municipal.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:30 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.